

ESCRITURA DO PRIMEIRO BORRADOR

NOME: _____

DATA: _____

Pasos para escribir o borrador:

1. Elixe unha fórmula fixa de inicio.
2. Presenta e describe a túa personaxe principal.
3. Sitúa no espazo e no tempo a acción.
4. Utiliza os conectores adecuados (consulta a proposta)
5. Introduce unha complicación.
6. Resólvea.
7. Pecha a complicación cunha resolución
8. Elixe unha fórmula de final de conto.

Presta atención!

- Separa correctamente as palabras
- Fíxate na concordancia de xénero e número
- Tenta non cometer erros de ortografía

PRIMEIRO BORRADOR DO CONTO:



A large rectangular area containing 20 horizontal lines, intended for writing or drawing.



Os conectores son marcas que orientan ao lector na comprensión do texto. Estes son algúns exemplos:

- **Conectores temporais:** úsanse para indicar en que momento ocorreron as situacións que se narran, segundo a situación temporal desde a que se fala. Por exemplo: *antes, anteriormente, por agora, agora, despois, finalmente, ao final, en pouco tempo, inmediatamente, ata agora, despois dun tempo, neses días, antes que, despois de que, máis tarde, de pronto, repentinamente, agora que, Cando, mentres, entón, cada vez que, apenas, en canto, simultaneamente, ao principio, , por último, un día, et.*
- **Conectores de lugar:** serven para sinalar o lugar onde se atopaba o obxecto ou persoa á que se fai referencia. Por exemplo: *de trás, atrás, na parte posterior, máis adiante, no alto, en fronte, et.*
- **Conectores para comparar:** para formular comparacións entre feitos, persoas ou obxectos nomeados na narración. Por exemplo: *de xeito semellante, igualmente, de igual maneira, do mesmo modo, et.*
- **Conectores de conclusión:** serven para introducir de xeito coherente as conclusións ás que se chegou segundo o relatado no texto. Por exemplo: *en conclusión, así, así pois, para concluír, abreviando, en resumo, et.*
- **Conectores para finalizar:** permítenlle ao falante dar fin á narración que ven desenvolvendo. Por exemplo: *sería conveniente, para terminar, para finalizar, ao final, finalmente, et*

RÚBRICA DE AVALIACIÓN

CRITERIOS	3	2	1	PUNTUACIÓN
Estrutura	Define claramente o inicio, o nó e o desenlace	Define de xeito difuso o inicio, o nó e o desenlace	Non hai unha estrutura clara	
Inicio	Describe e sitúa as personaxes no espazo e o tempo no que transcorre a acción.	Non descobre ou fáltalle por situar algunha das personaxes no espazo e tempo no que transcorre a acción.	Só presenta un elemento dos propostos	
Desenvolvemento	Identifícase claramente o conflito	O conflito non está claramente identificado	Non se identifica o conflito	
Desenlace	Preséntase claramente a solución ao problema	Pouca claridade na solución do problema.	Non se presenta solución ao problema	
Vocabulario	Utiliza un léxico específico de texto literario rico e variado e non repite palabras	Utiliza un léxico limitado pero non repite palabras	Utiliza un léxico limitado e repite palabras	
Uso de conectores	Utiliza polo menos cinco conectores propios dos textos narrativos	Utiliza entre tres e catro conectores propios dos textos narrativos	Utiliza menos de tres conectores propios dos textos narrativos	
Signos de puntuación	Utiliza polo menos cinco conectores propios dos textos narrativos	Utiliza entre tres e catro conectores propios dos textos narrativos	Utiliza menos de tres conectores propios dos textos narrativos	
Ortografía	A escritura das palabras é correcta	Presenta algún erro ortográfico	Presenta multitude erros ortográficos, algúns asociados á separación de palabras	
TOTAL				